



CONCELLO DE VILABOA (Pontevedra)

C/Toural, 1 – C.P. 36141 - Tlfns.: 986 70 82 15 - 70 82 52 - Fax. 986 70 83 87 - Email. info@vilaboa.org

COMUNICADO DO ALCALDE DE VILABOA

Vilaboa, 4 de agosto de 2020.-

Despois de algo máis de 13 meses como alcalde de Vilaboa, a maior honra que poderían brindarme os meus veciños, acabo de anunciar ás miñas compañeiras e compañeiros de goberno que nas próximas datas farei efectiva a miña renuncia ao cargo por motivos persoais.

Os acontecementos ocorridos desde o pasado mes de marzo, co estoupido da pandemia da Covid 19, fixeron máis difícil aínda compatibilizar a miña vida profesional co cargo, xa que esta crise sanitaria require de maior dedicación á protección de toda a cidadanía.

A todo iso sumáronse nos últimos meses problemas de saúde no ámbito da miña familia, o que desembocou nunha deterioración da miña SAÚDE FÍSICA E MENTAL. Considero por tanto que o mellor que podo facer agora mesmo polos veciños de Vilaboa e pola miña familia é DEIXAR PASO a un compañeiro, que poida seguir adiante con todos estes proxectos que iniciamos para mellorar o día a día dos cidadáns.

Da devandita determinación, que inclúe a entrega da miña acta de concelleiro, darase conta á corporación municipal no próximo pleno do Concello.

Deixo o cargo tras unha decisión meditada e consultada e seguindo as directrices que me marca a responsabilidade adquirida. Pero pola miña condición de vilaboés, este paso provoca en min unha enorme pena, aliviada, iso si, coa seguridade de que quen me substitúa saberá estar á altura de todas as veciñas e veciños de Vilaboa, que confiaron en nós nas últimas eleccións municipais.

Gustaríame mencionar nesta despedida aos meus compañeiros do Goberno municipal. O seu traballo e dedicación foi encomiable, tal e como lles transmitín persoalmente a todos eles, e teño a total convicción de que manterán ese demostrado agarimo e esa indiscutible entrega a Vilaboa. Así mesmo, agradezo ao resto da corporación a súa actitude cara a miña persoa, mesmo nos momentos nos que non estabamos de acordo, e, sobre todo, o labor despregado de xeito conxunto nos últimos meses. A solidariedade e o traballo conxunto durante a pandemia sacou o mellor de nós mesmos, mesmo nas xornadas máis duras.

Cheguei ao Concello en 2015 como un paso máis no meu compromiso natural cos meus veciños e co servizo público que supón a política. Os catro anos que estiven como concelleiro de Medio Ambiente e Deportes lémbroos con gran satisfacción. A miña etapa de alcalde, a pesar do pouco tempo, foi enriquecedora. Un lustro no que pretendín servir o mellor posible ao meu pobo. Por iso, quero agradecer a todos os vilaboenses a súa paciencia, a súa gratitude e tamén as súas críticas. Nestes últimos 13 meses demostráronme que este Concello é tan especial como a xente que o conforma, que é a súa alma. E teñan por seguro que Kiko Costa seguirá, para sempre, presumindo de Vilaboa, vivindo Vilaboa, defendendo a Vilaboa e querendo a Vilaboa.

Un abrazo a todas e todos e grazas.

